

EXPOSICIÓN

**Inauguración o venres 3 de xuño de 2011, ás 20.30 h,
na Aula de Natureza “Juan Lembeye”
do Xardín Botánico “Ría do Burgo”
(O Burgo - Culleredo).**

Do 3 ao 18 de xuño de 2010.

Horario:

Luns a venres: De 18.00 a 21.00 h.

Sábados: De 11.00 a 13.30 e de 16.00 a 20.00 h.



**ESCOLAS CULTURAIS
MUNICIPAIS
(CURSO 2010-2011)**

Presentación

Co remate do curso 2010-2011, o alumnado que participa nas especialidades artísticas das Escolas Culturais Municipais ofrécenos unha mostra do traballo que viñeron desenvolvendo ao longo de varios meses. A ilusión e constancia que empregaron para realizar as súas obras, roubándolle tempo a outros quefaceres cotiás, compártenna agora con nós.

De novo a Aula de Natureza “Juan Lembeye” do Xardín Botánico “Ría do Burgo” acolle a exposición das Escolas Culturais. Son as nosas Salas de exposición un referente no ámbito das Artes Plásticas na comarca coruñesa. Non se concebiron como recintos destinado a elites artísticas, senón que o seu obxectivo era converterse en lugares de encontro no que tiveran cabida tanto artistas de traxectoria recoñecida (neste sentido, teñen pasado importantísimas figuras da arte galega) como persoas afeccionadas á arte que deben compaxinar esta inquedaanza con outras tarefas profesionais, pero que quizais tamén poderían, nun momento dado, pola calidade da súa obra, dedicarse profesionalmente á arte. E tamén é probable que, nun futuro próximo, algunhas das persoas que participan agora nesta exposición das Escolas Culturais, ou en edicións anteriores, nos presenten as súas exposicións individuais.

Espertar na cidadanía o interese e o amor pola Arte, achegala ao público, foi a razón que levou a iniciar o proxecto das Escolas Culturais Municipais. Van xa 24 anos anos dende a súa creación. No transcurso deste tempo, convertíronse nunha auténtica institución en Culleredo, nunha “Universidade popular”. Escola de base para a aprendizaxe de diferentes disciplinas artísticas, asisten a ela persoas de diferentes idades, impartíndose as clases en diversos centros municipais.

As disciplinas que se imparten nas Escolas Culturais, o programa continuado de exposicións (pintura, fotografía, escultura, didácticas...), o Concurso de Pintura “Pintor Argüelles”, os Encontros de Pintura e Poesía, dos que xa se levan celebrado catro edicións ou a inclusión da pintura dentro da oferta da Feira de Artesanía, Libro e Pintura de Culleredo, son algúns dos expoñentes que fan de Culleredo un concello volcado no mundo da Arte.

Os meus parabéns a todas as persoas que participan nesta Exposición. Os meus parabéns ao profesorado. E o meu ánimo para que sigan traballando con ilusión o próximo curso.

Celestino Poza Domínguez
Concelleiro de Cultura

DISCIPLINAS IMPARTIDAS

DEBUXO/PINTURA

ÓLEO

FOTOGRAFÍA DIXITAL

CONFECIÓN